



Santa Irene ao Monte do Gozo

TE DEUM

*Te Deum laudamus:
te Dominum confitemur.
Te aeternum patrem,
omnis terra veneratur.*

*Tibi omnes angeli,
tibi caeli et universae potestates:
tibi cherubim et seraphim,
incessabili voce proclamant:*

*Sanctus, Sanctus, Sanctus
Dominus Deus Sabaoth.
Pleni sunt caeli et terra
majestatis gloriae tuae.*

*Te gloriosus Apostolorum chorus,
te prophetarum laudabilis numerus,
te martyrum candidatus laudat exercitus.*

*Te per orbem terrarum
sancta confitetur Ecclesia,
Patrem immensae maiestatis;
venerandum tuum verum et unicum Filium;
Sanctum quoque Paraclitum Spiritum.*

*Tu rex gloriae, Christe.
Tu Patris sempiternus es Filius.
Tu, ad liberandum suscepturus hominem,
non horruisti Virginis uterum.*

*Tu, devicto mortis aculeo,
aperuisti credentibus regna caelorum.
Tu ad dexteram Dei sedes,
in gloria Patris.*

Iudex crederis esse venturus.

*Te ergo quaesumus, tuis famulis subveni,
quos pretioso sanguine redemisti.
Aeterna fac
cum sanctis tuis in gloria numerari.*

*Salvum fac populum tuum, Domine,
et benedic hereditati tuae.
Et rege eos,
et extolle illos usque in aeternum.*

*Per singulos dies benedicimus te;
et laudamus nomen tuum in saeculum,
et in saeculum saeculi.*

*Dignare, Domine, die isto
sine peccato nos custodire.
Miserere nostri, Domine,
miserere nostri.*

*Fiat misericordia tua, Domine, super nos,
quem ad modum speravimus in te.
In te, Domine, speravi:
non confundar in aeternum.*

Lugares polos que se pasa:

Sta. Irene, Rúa, Pedrouzo, San Antón, Amenal, Cimadevila, Labacolla, San Paio, A Esquipa, San Marcos, Monte do Gozo.

Sta. Irene - Pedrouzo 4.6 Km:

Seguir unha pista forestal que discorre pola dereita da estrada e cruzala para entrar en Rúa. Saímos de **Rúa** e axiña chegamos a **Pedrouzo**, capitalidade do concello de O Pino. Aquí tomar o camiño da dereita pola rúa das escolas.

Pedrouzo (Arca do Pino) - Labacolla 11 km:

O Camiño avanza a carón do campo de fútbol, pasando por **San Antón, Amenal** e, baixo carballos e eucaliptos chégase a **Cimadevila**. Rodeamos as pistas do aeroporto con algunha que outra aeronave fungando sobre as nosas cabezas, ata chegar ao alto de Labacolla.

Picaud fálanos dunha paraxe frondosa pola que pasa *a dúas millas de Santiago, onde os peregrinos de nacionalidade francesa que se dirixían a Santiago, quitaban a roupa e, por amor ao Apóstol, adoitaban lavar non só as súas partes senon a suciedade de todo o corpo*. A esa paraxe chámalle lavamentula e a tradición sitúaa no regato que pasa por Lavacolla. Tamén **Laffi** menta no *Viaggio* (s. XVII) un lugar máis aló de Al Menar (Almenal?) onde chegou en compañía doutros peregrinos: *e refrescámonos ben, mundando os vestidos, porque sabemos estar cercanos a Santiago* (Lavacolla?).

Lavacolla – Monte do Gozo 4.6 Km:

O Camiño desvíase agora a **San Paio**, cuxa igrexa está dedicada tamén a ese santo galego de Crecente martirizado en Córdoba no ano 925 d. C. Segue ata **Vilamaior** e **San Marcos**, na aba do **Monxoi**, testemuña do canto do Te Deum polos peregrinos que agradecían así o ter chegado a este punto tan próximo á Catedral de Santiago.